Osa, Cervo e Esquío están agardando por Raposo.
Cando por fin chega, pensan que está triste.
Por que? Porque vai vestido de azul.

Pero, é verdade que unha cor quere dicir unha emoción?
Se cadra, as cores son libres.
Que che parece a ti?



nubeOCHO

ISBN: 978-84-19253-39-2 www.nubeocho.com

O VERMELLO NON ESTÁ ENFADADO, O AZUL NON ESTÁ TRISTE

Alicia Acosta Luis Amavisca Anuska Allepuz

nubeOCHO

# O VERMELLO NON ESTÁ ENFADADO

# O AZUL NON ESTÁ TRISTE



Alicia Acosta
Luis Amavisca
Anuska Allepuz



*A ti, que me aprendiches que os sentimentos non teñen cor.*

Alicia Acosta

*Ao meu fillo Juan. A todas e todos os que gozan da vida con todas as súas cores.*

Luis Amavisca

*Ao meu marido, que é daltónico e para el o mundo é doutras cores diferentes ao meu. Encantaríame poder ver a través dos seus ollos; doume conta de que todo é relativo, depende do prisma polo que se mire.*

Anuska Allepuz

**O vermello non está enfadado, o azul non está triste**
Colección Somos8

© do texto: Luis Amavisca & Alicia Acosta, 2023
© das ilustracións: Anuska Allepuz, 2023
© da edición: NubeOcho, 2023
© da tradución: Maruxa Zaera, 2023
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *El rojo no está enfadado, el azul no está triste*

Primeira edición: Maio, 2023
ISBN: 978-84-19253-39-2
Depósito Legal: M-10053-2023

Impreso en España.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.




Alicia Acosta & Luis Amavisca
Ilustrado por Anuska Allepuz

nubeOCHO



Osa, Cervo e Esquío están a gozar dunha apracible tarde no bosque.

—Onde andará Raposo? —pregunta Cervo.

—Seguro que pronto aparece —responde Esquío.

—Que che pasou, Raposo? —pregúntalle Osa.
—Ai, pobriño… —murmura Esquío.
—Non te preocupes, cóntanolo e así sentiraste mellor… —di Cervo.



—E logo? Por que me dicides esas cousas? —pregunta Raposo estrañado.

—Porque vas vestido de azul. Levas a cor da tristura! —exclama Esquío.

—Como? Eu, triste? Pero se estou moi contento! —afirma Raposo.

—Daquela… —di Osa, pensativa.



—Agora si que levas a cor da ledicia! —exclama Cervo.

—É verdade! —sorrí Esquío.

—Raposo, enganáraste coa cor —afirma Osa.



—Pero de que estades a falar? Estádesme facendo enfadar… —di Raposo desconcertado.
—Enfadado? —pregunta Cervo—. Entón esta acáeche mellor! Non sabes que o vermello é a cor do enfado?

—E tamén da carraxe! —afirma Osa.
—Si, si! Mira para el! Está enfadadísimo! —exclama Esquío.



—Xa abonda! Estoume poñendo moi nervioso, voume acalmar…

—Un momento! —exclama Esquío.

